

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía para o día 18 de maio de 2022

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía en sesión **ordinaria**, para o **día 18 de maio de 2022**, no salón de sesións do Pazo Provincial, ás 17.30 horas, coa seguinte orde do día:

1. 2022/26X/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de abril de 2022.

2. 2021/760Z PRESIDENCIA

Aprobación inicial de modificación da **Ordenanza fiscal** do servizo de recollida de animais abandonados dependentes dos centros de recollida de Xinzo de Limia, O Carballiño e os futuros centros situados en Melón, Muíños e A Rúa.

3. 2022/7045V PRESIDENCIA

Expediente 2/2022 de modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2022.

4. MOCIÓN DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

